

# GABRIEL POMBO LIBERDADE!




O pasado 25 de xaneiro, unha operación policial coordinada entre as forzas policiais españolas, portuguesas e italianas rematou coa detención do noso compañeiro Gabriel Pombo da Silva, quen se atopaba prófugo dende aproximadamente 2 anos. O compañeiro agarda agora a súa entrega ás autoridades do estado español, onde a maxistrada xuíz do Xulgado do Penal nº 2 de Girona, Mercedes Alcázar Navarro, pretende metelo en prisión outros 16 anos por unha suposta pena pendente que non existe na práctica. Cabe sinalar que Gabriel xa pasou en prisión máis de 30 anos da súa vida, manténdose sempre firme nas súas conviccións de solidariedade e liberdade, e contribuindo á loita tanto con diferentes mobilizacións como a través dos seus escritos e do seu libro.

Tamén cómpre dicir que Mercedes Alcázar Navarro supostamente foi quen en maio do 2016 tentou evitar a posta en liberdade do compañeiro ordenando ao daquela director da prisión de Dueñas (Palencia) ocultar a orde de liberación inmediata. Ao cabo de tres semanas, foi finalmente liberado o 16 de xuño. Asímesmo, ao xulgar pretéritamente outras causas abertas contra Gabriel en territorio nacional, a mesma é coñecedora de todo o expediente xudicial do compañeiro. A cada cal a súa conclusión acerca da teimosía desa agora maxistrada xuíz en proceder mediante unha OEDE á súa persecución europea, pese a que Gabriel fose posto en liberdade en España, no devandito mes de xuño de 2016, ao considerarse que xa cumprira a súa condena. Con posterioridade a esa data, aclárase que o compañeiro non foi incriminado por delito algún, polo que se considera que non existe ningunha sentenza de condena anterior.

## ESIXIMOS A LIBERACIÓN DE GABRIEL E CHAMAMOS Á SOLIDARIEDADE!

**PARA ENVIAR CARTAS OU POSTAIS AO COMPAÑEIRO  
ATA NOVO AVISO O ENDEREZO É:**

Gabriel Pombo da Silva  
EPPJ Porto, Rúa Assis Vaz 109  
4200-096 · Porto (Portugal)



**OS GASTOS DA DEFENSA SEGUEN A SER GRANDES! PARA  
COLABORAR...** Titular: Elisa di Bernardo · Bankinter  
IBAN: ES06-0128-0180-3601-0009-8696 BIC/SWIFT:  
BKBKESMMXXX (conceptos breves! Por exemplo: "Gasto xurídico",  
"Gasto advogado", etc.)

**PARA CHAMAR E PREGUNTAR POLO COMPAÑEIRO:**

EPPJ Porto: +351 225021796

